



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su contestación por escrito relativas a las demandas de las y los pescadores recreativos gallegos respecto del Proyecto de Real Decreto por el que se regulan las medidas de gestión de los recursos pesqueros.**

En el año 2018 se publicó el que, aún a día de hoy, sigue siendo prácticamente el único estudio científico que evalúa el peso económico, social y ecológico de la pesca recreativa en Galicia. Elaborado por investigadores de la Universidad de Santiago, del Campus del Mar, del Centre for Environment, Fisheries and Aquaculture Science de Reino Unido y de las universidades portuguesas de Minho, Aveiro y Algarve, se trata, según sus propias declaraciones, del «primer intento exhaustivo de describir y analizar» la pesca recreativa en aguas gallegas y, aunque reconocen que «se necesita más información sobre esta práctica para apoyar a la Administración», ofrece algunos datos de los que se puede concluir que la actividad es relativamente importante en nuestro país.

Por ejemplo, se estimaba que en aquel momento había en Galicia unos 60.000 aficionados a la pesca recreativa (61.850 censados por la Consellería de Mar en 2019). Que, en su conjunto, invertían alrededor de 86 millones de euros al año en artes de pesca y otros gastos y que los propietarios de embarcaciones gastaban otros 11 millones. También aportaban datos sobre la captura recreativa anual de unas 7.500 toneladas, que representaban entre el 5 y el 13% del total de desembarques comerciales en Galicia. A todo ello hay que sumar la demanda de insumos intermedios de otras ramas de la economía gallega por parte de los pescadores recreativos, que contribuía con otros 39 millones de euros. Por último, destaca también el porcentaje de pescadores recreativos respecto al total de la población, que era del 2,2%.

Todos estos datos, y muchos otros incluidos en el estudio, llevaron a los propios investigadores a afirmar que «son necesarias decisiones de gestión cuidadosas para garantizar el crecimiento y el desarrollo sostenible de la actividad en Galicia».

Y, en este sentido, el colectivo está actualmente sometido a numerosas regulaciones estrictas, que en algunos casos provienen de la incorporación de reglamentos de la UE, cuya finalidad es la preservación de los recursos.



Sin embargo, algunos de los aspectos recogidos ahora en el proyecto de Real Decreto por el que se regulan las medidas de gestión de los recursos pesqueros, que se encuentra actualmente en trámite de exposición pública, hasta el próximo 20 de septiembre, por el Ministerio de Agricultura y Pesca, no están siendo bien recibidos por el colectivo de pescadores recreativos.

Los puntos que más preocupan al colectivo son los referentes a la regulación de la pesca recreativa en aguas exteriores, que consideran desproporcionados y discriminatorios, en particular la prohibición total de la pesca de lubina y las limitaciones a otras especies como el pulpo. Ponen de manifiesto, y así lo hicieron saber al propio Ministerio en una reunión celebrada esta misma semana, que no ha habido ningún tipo de diálogo con ellos para la elaboración de la norma, y mucho menos consenso. Y subrayan que desconocen el origen de las prohibiciones que ahora se les imponen, ya que no les constan informes científicos que las avalen ni se los ha facilitado el Ministerio.

Si tenemos en cuenta los datos económicos y sociales anteriormente expuestos, podría verse afectado de forma directa un número significativo de personas y de forma indirecta, muchas otras que desarrollan actividades económicas que dependen, en gran medida, de la pesca marítima recreativa.

Por tanto, debe ser objetivo del Ministerio de Pesca priorizar el diálogo con los colectivos afectados, explicar con claridad la normativa actualmente en exposición pública y aportar los estudios e informes en que se basa y, por último, intentar que el Real Decreto resultante sea lo menos lesivo y lo más justo posible, conciliando la actividad pesquera con la sostenibilidad de las especies.

Por los motivos expuestos, el BNG plantea las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Convocará el Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, a la mayor brevedad, reuniones con los colectivos de pescadores recreativos con el objetivo de analizar las principales diferencias que mantienen sobre la regulación de la pesca recreativa en aguas exteriores y acercar posturas? ¿Tiene disposición el Ministerio para consensuar el texto con el sector?
2. ¿Ampliará el plazo establecido para la presentación de alegaciones al Real Decreto por el que se regulan las medidas de gestión de los recursos pesqueros, con el objetivo de establecer diálogo con el colectivo de pescadores recreativos sobre esta actividad



- en aguas exteriores y alcanzar el máximo acuerdo posible?
3. ¿En qué informes y datos se basa el Ministerio para establecer las limitaciones a las capturas de determinadas especies? ¿Hará públicos esos informes que recomiendan prohibir las capturas de determinadas especies incluidas en el proyecto de Real Decreto?
 4. ¿Realizará una valoración ponderada de los aspectos ambientales, junto con los económicos y sociales, teniendo en cuenta las alegaciones que se presenten, antes de la redacción definitiva y de la publicación del Real Decreto citado?
 5. ¿Ha llevado a cabo contactos o negociaciones previas la Xunta de Galicia en relación con este proyecto sobre la pesca recreativa? ¿Ha recibido aportaciones por su parte? ¿De ser así, cuáles?
 6. ¿Es consciente el Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación de la relevancia para la economía gallega del sector de la pesca recreativa y de las consecuencias negativas de adoptar una normativa que, sin base científica, afecte directamente a esta actividad?

Madrid, a 17 de septiembre de 2025

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

17 SEP. 2025 11:49:21

Entrada **80050**

Sobre o Proxecto de RD de xestión de recursos pesqueiros e a súa incidencia na pesca recreativa

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Portavoz adjunto



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ás demandas das e dos pescadores recreativos galegos a respecto do Proxecto de Real Decreto polo que se regulan as medidas de xestión dos recursos pesqueiros.**

No ano 2018 foi publicado o que, aínda hoxe, é practicamente o único estudo científico que avalía o peso económico, social e ecolóxico da pesca recreativa na Galiza. Elaborado por investigadores da Universidade de Santiago, do Campus do Mar, do Centre for Environment, Fisheries and Aquaculture Science do Reino Unido e das universidades portuguesas de Minho, Aveiro e Algarve, foi, segundo as súas propias declaracións, “o primeiro intento exhaustivo de describir e analizar” a pesca recreativa en augas galegas e, aínda que recoñecen que “se necesita máis información sobre esta práctica para apoiar á Administración”, ofrece algúns datos dos que se pode concluír que a actividade é relativamente importante no noso país.

Por exemplo, estimouse que había, naquela altura, uns 60.000 (61.850 rexistrados pola Consellaría de Mar no 2019) afeccionados á pesca recreativa na Galiza. Que, no seu conxunto, investían arredor de 86 millóns de euros ao ano en artes de pesca e outros gastos e que os propietarios de embarcacións gastaban outros 11 millóns. Tamén, achegaban datos sobre a captura recreativa anual situada arredor de 7.500 toneladas, que representaban entre 5 e 13% dos desembarcos comerciais totais na Galiza. A todo isto debe sumarse a demanda de insumos intermedios doutras ramas da economía galega por pescadores recreativos, que contribuía con outros 39 millóns de euros. Finalmente, destaca

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

17 SEP. 2025 11:49:21

Entrada **80050**



tamén a porcentaxe de pescadores recreativos en canto á poboación total que era de 2,2%.

Todos estes datos, e moitos outros contemplados no estudo, levaron aos propios investigadores a afirmar que “son necesarias decisións de xestión coidadosas para garantir o crecemento e o desenvolvemento sustentábel da actividade na Galiza”.

E, neste sentido, o colectivo xa está supeditado na actualidade a numerosas regulacións estritas, que proveñen nalgúns casos da incorporación dos regulamentos da UE, cuxa finalidade é a preservación dos recursos.

No entanto, algúns dos aspectos recollidos agora no proxecto de Real Decreto polo que se regulan as medidas de xestión dos recursos pesqueiros, que nestes momentos encóntrase no trámite de exposición pública, até o vindeiro 20 de setembro, por parte do Ministerio de Agricultura e Pesca, non están sendo ben recibidos polo colectivo de pescadores recreativos.

Os puntos especialmente preocupantes para o colectivo son os referidos á regulación da pesca recreativa en augas exteriores por consideralos desproporcionados e discriminatorios, moi particularmente a prohibición total da pesca da robaliza e as limitacións sobre outras especies como o polbo. Poñen de manifesto, e así llo fixeron saber ao propio Ministerio nunha reunión mantida esta mesma semana, que non houbo ningún tipo de diálogo con eles para a elaboración da norma e moito menos consenso. E subliñan que descoñecen a orixe das prohibicións que agora se lles impoñen, xa que non lles constan informes científicos que as avalen nin lles foron facilitados polo Ministerio.

Se temos en conta os datos económicos e sociais expostos máis arriba, poderíase ver afectado de xeito directo un número significativo de persoas e de xeito indirecto moitas outras que desenvolven actividades económicas que dependen, en grande medida, da pesca marítima recreativa.

Por tanto, debera ser obxectivo do Ministerio de Pesca priorizar o diálogo cos colectivos afectados, explicar con claridade a normativa agora en exposición pública e achegar os estudos e informes nos que se basea e, finalmente, tratar



de que o Real Decreto resultante sexa o menos lesivo e o máis xusto posíbel, conciliando a actividade pesqueira coa sustentabilidade das especies.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Convocará o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, á maior brevidade, reunións cos colectivos de pescadores recreativos co obxectivo de analizar as principais diverxencias que manteñen sobre a regulación da pesca recreativa en augas exteriores e achegar posturas? Ten disposición o Ministerio para consensuar o texto co sector?
2. Ampliará o prazo fixado para a presentación de alegacións ao Real Decreto polo q se regulan as medidas de xestión dos recursos pesqueiros, co obxectivo de establecer diálogo co colectivo de pescadores recreativos sobre esta actividade en augas exteriores e acadar o máximo acordo posíbel?
3. En que informes e datos se basea o Ministerio para establecer as limitacións nas capturas de determinadas especies? Fará públicos eses informes que recomendan prohibir as capturas de determinadas especies recollidas no proxecto de Real Decreto?
4. Realizará unha valoración ponderada dos aspectos ambientais, xunto cos económicos e sociais, tendo en conta as alegacións que se acheguen, antes da redacción definitiva e da publicación do Real Decreto citado?
5. Realizou contactos ou negociacións previas Xunta da Galiza en relación con este proxecto sobre pesca recreativa? Recibiu achegas pola súa parte? De ser así, cales?
6. É consciente o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación da relevancia para a economía galega do sector da pesca recreativa e das



negativas consecuencias de adoptar unha normativa que, sen base científica, afecte directamente a esta actividade?

Madrid, a 17 de setembro de 2025

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso